



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Actividade: Convocatoria sesión ordinaria Pleno
Número expediente: PLN/2024/10

PLN/2024/10.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA TRINTA E UN DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Sendo as nove horas do día trinta e un de xullo do ano dous mil vinte e catro, en primeira convocatoria, reúnese o Pleno aos efectos de celebrar a sesión ordinaria, baixo a presidencia do Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba, contando coa presenza dos seguintes concelleiros/as:

Cadro de asistencia	
Concelleiro/a	Asistencia
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel KuntzPeiteado	Asiste
Begoña Roldós Iglesias	Non asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Evaristo Deus Deus	Asiste
Verónica Fernández Varela	Asiste
Javier CartelleCudilleiro	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Asiste
Iván Martínez González	Asiste





Concello de Mugarbos
(A Coruña)

Actuando como secretario accidental - en ausencia da titular - o funcionario D. Diego Seijo Alonso, en virtude do nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e de acordo coa comunicación efectuada á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia en data 23.07.2024 ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución núm. 2024-0865, de data 23.07.2024.

Coa presenza da interventora, Dna. Ana María Gómez Peña.

Déixase constancia de que para os efectos do cumprimento do deber de publicidade activa e de conformidade co establecido no artigo 5.3º da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, a acta reflicte as operacións de disociación de datos de natureza persoais necesarias así como as impostas polo artigo 51 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1º.- SECRETARÍA.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 26.06.2024. Para os efectos previstos no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese á consideración do Pleno:

- Borrador da acta da sesión ordinaria realizado polo Pleno con data 26.06.2024.

Sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (4)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	Abstención

En función do resultado, préstase aprobación a acta.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

2º.- SECRETARIA.- TOMAR COÑECEMENTO RENUNCIA AO CARGO DE CONCELEIRA DE BEGOÑA ROLDÓS IGLESIAS. Consta no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 1384/2023, escrito de renuncia á condición de concelleira por motivos laborais presentado con data 18 de xullo de 2024, número rexistro de entrada 2024-E-RC-3435, pola concelleira do grupo municipal PP Begoña Roldós Iglesias así como informe de secretaría de 18.07.2024 comprensivo dos trámites a realizar.

Segundo a candidatura proclamada pola Xunta Electoral de Zona no BOP nº 82 de 2 de maio de 2023, corresponde en principio cubrir a vacante á José Antonio Alcalá Nalvaiz.

Porén consta no expediente a presentación dos seguintes escritos de renuncia:

- Escrito de renuncia presentado de forma electrónica indicando que renuncia ao cargo, con data 19 de xullo de 2024, número rexistro de entrada 2024-E-RE-1848, por José Antonio Alcalá Nalvaiz, DNI ***6282**. Renuncia reiterada para os efectos do seu procesamento electrónico con data 23 de xullo de 2024, número rexistro de entrada 2024-E-RE-1879, mediante escrito asinado electronicamente.
- Escrito de renuncia asinado por Patricia Cainzos Fernández, DNI ****1296** presentado de forma electrónica con data 19 de xullo de 2024, número rexistro de entrada 2024-E-RE-1849, indicando que renuncia ao cargo. Renuncia á que se refire nun segundo escrito electrónico presentado con data 19 de xullo de 2024, número rexistro de entrada 2024-E-RE-1852.
- Escrito de renuncia asinado electronicamente por José Antonio López Sueiro, DNI ***9477**, con número rexistro de entrada 2024-E-RE-1857.

Constan no expediente, así mesmo, proposta da alcaldía de data 24 de xullo de 2024, que de seguido se transcribe, así como ditame da xunta de voceiros correspondente á sesión celebrada o 24.07.2024:

“ ...

Con data 18 de xullo de 2024, número rexistro de entrada 2024-E-RC-3435, preséntase escrito polo que a concelleira do grupo municipal PP Begoña Roldós Iglesias por motivos profesionais, renuncia á súa condición de concelleira integrante do grupo municipal Partido Popular, segundo os resultado do derradeiro proceso electoral realizado con data 28 de maio de 2023, tomando posesión do seu cargo en sesión extraordinaria constitutiva realizada con data 17 de xuño de 2023.

Segundo a candidatura proclamada pola Xunta Electoral de Zona no BOP nº 82 de 2 de maio de 2023, corresponde en principio cubrir a vacante á José Antonio Alcalá Nalvaiz.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Porén, consta no expediente a presentación no rexistro xeral do concello dos seguintes escritos de renuncia:

- *Escrito de renuncia presentado de forma electrónica indicando que renuncia ao cargo, con data 19 de xullo de 2024, número rexistro de entrada 2024-E-RE-1848, por José Antonio Alcalá Nalváz, DNI ***6282**. Renuncia reiterada para os efectos do seu procesamiento electrónico con data 23 de xullo de 2024, número rexistro de entrada 2024-E-RE-1879, mediante escrito asinado electronicamente.*
- *Escrito de renuncia asinado por Patricia Cainzos Fernández, DNI ****1296** presentado de forma electrónica con data 19 de xullo de 2024, número rexistro de entrada 2024-E-RE-1849, indicando que renuncian ao cargo. Renuncia á que se refire nunha segundo escrito electrónico presentado con data 19 de xullo de 2024, número rexistro de entrada 2024-E-RE-1852.*
- *Escrito asinado electronicamente por José Antonio López Sueiro, DNI ***9477**, con número rexistro de entrada 2024-E-RE-1857.*

Consta no expediente informe de secretaria de 18 de xullo de 2024 no que se da conta na normativa aplicable (artigos 15 e 182 Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño de Réxime Electoral Xeral e artigo 9.4º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico) así como do procedemento a seguir (INSTRUCCIÓN 3/2003, do 10 de xullo, da Xunta Electoral Central, sobre substitución de cargos representativos locais (BOE núm 171, do 18 de xullo de 2003).

*Polo que en atención aos antecedentes de feito e normativa aplicable, elevo á consideración do Pleno a seguinte proposta de **acordo**:*

Primeiro.- *Tomar coñecemento da renuncia ao cargo de concelleira deste concello de Mugardos de Begoña Roldós Iglesias.*

Segundo.- *Declarar a vacante dun posto de concelleiro/a pertencente ao grupo municipal Partido Popular.*

Terceiro.- *Remitir certificación do presente acordo á Xunta Electoral de Zona de Ferrol para os efectos da expedición da credencial acreditativa de concelleiro/a electa a favor de quen corresponda, facendo constar que, a xuízo desta Corporación, corresponde cubrir a vacante tras os escritos de renuncia presentados, a Begoña María Gómez Díaz. ...”.*

Non formulándose debate ou intervención ningunha, o Pleno de conformidade co establecido no artigo 182 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño de Réxime Electoral





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Xeral e artigo 9.4º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico adoptou o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia ao cargo de concelleira deste concello de Mugardos de Begoña Roldós Iglesias.

Segundo.- Declarar a vacante dun posto de concelleiro/a pertencente ao grupo municipal Partido Popular.

Terceiro.- Remitir certificación do presente acordo á Xunta Electoral de Zona de Ferrol para os efectos da expedición da credencial acreditativa de concelleiro/a electa a favor de quen corresponda, facendo constar que, a xuízo desta Corporación, corresponde cubrir a vacante tras os escritos de renuncia presentados, a Begoña María Gómez Díaz.

3º.- SERVIZOS SOCIAIS.- EXPEDIENTE 2057/2023. PROXECTO DE REGULAMENTO PRESTACIÓNS ECONÓMICAS SERVIZOS COMUNITARIOS CONCELLO DE MUGARDOS. Expediente elevado á consideración da Comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade en sesión ordinaria realizada con data 18.07.2024 emitíndose o seguinte ditame:

“Segundo. Expediente 2057/2023. Proxecto de Regulamento prestacións económicas servizos comunitarios concello de Mugardos

...

Sométese a votación ordinaria o asunto de referencia, prestando aprobación segundo o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto ponderado	A favor	A favor	A favor	A favor

Primeiro.- Ditaminar favorablemente a aprobación inicial ao regulamento de prestacións económicas de servizos sociais comunitarios do concello de Mugardos:

**“REGULAMENTO DAS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE MUGARDOS.
NOVEMBRO DE 2023**





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Exposicións de motivos

O Departamento de Servizos Sociais do Concello de Mugardos leva anos regulando distintos recursos para facer fronte a situacións de desprotección que non son cubertas por ningunha outra administración pública.

O último regulamento de prestación económicas dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Mugardos data do ano 2013. Despois de 10 anos, síntese a necesidade de elaborar un novo documento regulador que garanta, con maior fortaleza e axilidade, a capacidade de resposta desde a Administración local na cobertura das necesidades básicas dos seus veciños e veciñas.

Este documento ten a clara intención de achegar solucións áxiles e dignas aos problemas da veciñanza, mediante a satisfacción das súas necesidades máis básicas.

O presente Regulamento de prestacións dos servizos sociais comunitarios do Concello de Mugardos pretende dar unha resposta eficaz e integrada dentro do sistema galego de servizos sociais a situacións de risco e exclusión social e a promoción dunha auténtica cidadanía social a través da participación social, política, económica e cultural.

O Concello de Mugardos propón esta ordenanza asumindo as competencias que se establecen no marco lexislativo xeral e no específico dos servizos sociais, que confiren aos concellos a potestade para aplicar e regular os recursos destinados a paliar situacións de vulnerabilidade ou exclusión social.

Así, no artigo 9.2 da Constitución española séntanse as bases dun novo modelo de estado social, no que os poderes públicos quedan compelidos a desenvolver accións positivas que creen as condicións necesarias para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local no seu artigo 25.2.k); a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no seu artigo 80 apartado k) e a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no artigo 60.1 a e b, atribúen aos concellos a creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos e específicos.

No Preámbulo da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia alude á igualdade de oportunidades no acceso ao benestar e á participación social como “unha vella aspiración do pobo galego e da humanidade enteira, expresada nas máis nobres loitas, movementos e utopías que mobilizaron a mulleres e homes de todas as épocas que nos precederon. O artigo 25 da Declaración universal dos dereitos humanos expresa de maneira sintética esta arela de dignidade cotiá na vida de todo ser humano, cando afirma que todas e todos terán dereito a «un nivel de vida digno que lles asegure, xunto coa súa familia, a saúde e o benestar, en especial a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e máis os servizos sociais necesarios»”.

Asemade, o Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais e comunitarios e o seu financiamento, contempla no seu artigo 9 como programa básico de





Concello de Mugardos
(A Coruña)

servizos sociais o Programa de Inserción Social que “procure valorar, dar resposta ou derivar ao recurso idóneo as persoas en situación de risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas.” O artigo 23 b) especificamente di que os Servizos Sociais Comunitarios Básicos “participarán, de acordo coa normativa de aplicación, no procedemento de asignación de prestacións económicas de inclusión social, orientadas a satisfacer as necesidades pecuniarias básicas e a estimular a incorporación social e laboral”.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia, acorde co principio de responsabilidade pública, establece que se dispensará especial atención ás familias con dificultades derivadas da súa estrutura ou das súas circunstancias, e a aquelas que se encontran en situación de especial vulnerabilidade ou en risco de exclusión social, atribuíndo ao municipio as competencias na execución de programas e proxectos de atención ás familias, no marco da lexislación de réxime local e sectorial de servizos sociais.

A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, ten por obxecto establecer e regular un conxunto de medidas e recursos específicos para as persoas en situación ou risco de exclusión social, co fin de mellorar a cohesión e a inclusión social en Galicia. Nesta norma regúlanse, en concreto, as condicións de participación da cidadanía galega nos servizos e prestacións para a inclusión social e, de xeito específico, a natureza e o exercicio do dereito de percepción da renda de inclusión social de Galicia (RISGA) e das axudas de inclusión social (AIS), en tanto que prestacións económicas de carácter esencial dentro do Sistema galego de servizos sociais, segundo o establecido no artigo 21 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. A aplicación desta norma está dirixida a aquelas persoas que acorde co Sistema Galego de Servizos Sociais sexan valoradas como persoas en situación ou risco de exclusión social, segundo os criterios establecidos no seu artigo 3.

Abundando nestes preceptos legais, o Real Decreto-Lei 20/2020, do 29 de maio, polo que se regula o Ingreso Mínimo Vital expón que España é un dos países da Unión Europea cunha distribución da renda entre fogares máis desigual e concibe o IMV como unha ferramenta para facilitar a transición dos individuos desde a exclusión social a unha situación de participación plena na sociedade. Desde este punto de vista, as medidas pola inclusión social contempladas nesta ordenanza poden contribuír ao logro dese obxectivo normalizador, e actuar de medidas facilitadoras cara á súa consecución.

Sinalar que todas estas medidas teñen a pretensión de ser unha primeira resposta áxil e eficaz a situacións carenciais na cobertura das necesidades básicas das persoas en situación de vulnerabilidade. Non obstante, non teñen sentido sen un sistema que garanta a cobertura das ditas necesidades desde os sistemas de protección da administración autonómica e estatal, que son as que teñen as competencias para garantir prestacións e axudas regulares ás persoas e ás familias ante a carencia de ingresos económicos.





Concello de Mugarbos
(A Coruña)

Para a construción dese novo modelo de estado social é preciso deixar atrás a perspectiva asistencialista dos servizos sociais, para acadar un deseño moderno dos servizos sociais comunitarios como un instrumento de materialización efectiva de benestar social, de prevención da discriminación e da exclusión, e, en xeral, como medio de realización dos dereitos sociais básicos do pobo galego.

TÍTULO PREELIMINAR

CAPÍTULO I Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

O presente regulamento ten por obxecto determinar as características, natureza e tipoloxías das prestacións económicas dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Mugarbos, así como establecer o procedemento de acceso as mesmas.

Artigo 2. Definición

Son prestacións económicas, destinadas a apoiar a persoas e familias con escasos recursos económicos que poidan verse afectadas por graves problemas de convivencia, situacións de emerxencia social e/ou encontrarse en situación de risco ou exclusión social.

As medidas contempladas neste regulamento, non teñen a consideración de subvencións de acordo coa lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, que no seu artigo 29 modifica o artigo 2.a da lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Artigo 3. Dotación orzamentaria

O concello de Mugarbos, dotará economicamente, a través do Orzamento anual, e sempre coa dispoñibilidade orzamentaria existente, o correspondente crédito, na partida orzamentaria a cargo da cal se imputaran as prestacións económicas, que se determinan neste regulamento.

Artigo 4. Finalidade e obxectivos

Estas prestacións teñen como finalidade previr procesos de exclusión social así como favorecer a inclusión das persoas. Os obxectivos son:

- 1. Responder a situacións ocasionadas por necesidades coxunturais, que non poden ser satisfeitas por falla de recursos económicos e que afectan a unidades familiares e de convivencia, desestabilizando o seu normal desenvolvemento.*
- 2. Apoiar os procesos de intervención que os Servizos Sociais desenvolven con persoas en situación de exclusión social.*
- 3. Ofrecer ferramentas que den resposta a situación de emerxencia.*
- 4. A prevención, redución e/ou supresión de situacións de risco social para menores derivadas da carencia de recursos económicos.*

Artigo 5. Persoas beneficiarias

As medidas recollidas neste regulamento están dirixidas a todas aquelas persoas e unidades familiares que se atopen nunha situación de precariedade económica que lles dificulte ou imposibilite a cobertura dalgunha das súas necesidades básicas.

Para os efectos desta ordenanza, considérase unidade familiar/convivencia:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

O conxunto de persoas que viven habitualmente no mesmo domicilio, e que poden estar ligadas entre elas por lazos de parentesco, afinidade ou amizade. Como regra xeral, non poderán ser beneficiarias da mesma axuda dúas persoas da mesma unidade familiar, así como unha mesma persoa non pode formar parte de dúas ou máis unidades familiares de forma simultánea.

Poderase valorar que nun domicilio conviven máis dunha unidade familiar e considerarse independentes, cando así esté xustificado na intervención por parte do equipo de profesionais dos servizos sociais comunitarios do concello de Mugardos.

Artigo 6. Tipoloxía das prestacións

As medidas de inclusión social do Concello de Mugardos son as seguintes:

- *Prestacións económicas*
- *Prestación farmacéutica.*
- *Prestacións de apoio na alimentación e na hixiene persoal e doméstica.*

Artigo 7. Requisitos xerais

Para acceder a estas prestacións é necesario cumprir cos requisitos que se detallan a continuación:

1. *Ter a maioría de idade ou estar emancipado/a legalmente.*
2. *Estar empadroado/a e residir no Concello de Mugardos, cunha antigüidade mínima de 6 meses, agás que a prescripción técnica valore a necesidade da axuda sin ter en conta o dito período.*
3. *Non estar pendente de xustificar documentalmente as prestacións concedidas con anterioridade.*
4. *Non ser propietario/a de cantidades económicas que se considere que poidan solventar a situación de necesidade manifestada.*
5. *Terán que solicitar as prestacións as que poidan ter dereito por outra administracións públicas.*
6. *Acreditar documentalmente a necesidade da prestación.*
7. *Os límites económicos da/s unidade familiar solicitante virá determinado segundo as variables que deseguido se especifican:*

UNIDADE FAMILIAR	%IPREM A APLICAR
1 PERSOA ADULTA	1 iprem
2 PERSOA ADULTA	0,5 iprem por cada adulto
1 MENOR DE IDADE , E SUCESIVOS	0,3iprem por cada menor

Para o cálculo da situación económica teranse en conta os ingresos, pensión de calquera índole e/ou prestacións económicas (de alimentos, por fillo a cargo...) que perciba cada un dos membros da unidade familiar/de convivencia.

Artigo 8. Documentación a presentar

Con carácter xeral, a documentación a presentar, xunto coa solicitude, será a seguinte:

- *Copia do DNI ou NIE ou pasaporte da persoa solicitante.*
- *Copia do DNI ou NIE ou pasaporte das persoas que integran a unidade familiar*





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- *Copia do libro de familia, só no caso de menores integrantes da unidade familiar sen DNI.*

- *No caso de separación ou divorcio deberá presentar a documentación acreditativa da dita situación e da pensións alimenticias e compensatorias no seu caso*

- *Xustificantes dos gastos da vivenda: fotocopia do contrato de alugueiro, fotocopia dos recibos do alugueiro ou xustificante do préstamo hipotecario.*

Xustificantes dos ingresos da unidade familiar/convivencia:

- *Certificado expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria de Nivel de Renda do último exercicio fiscal dispoñible de cada un dos membros da unidade familiar/convivencia, ou no caso que non se estivese obrigado a presentar a declaración do IRPF segundo a normativa correspondente, certificado de imputacións de renda declarados por terceiros expedido pola mesma Axencia. Excepcionalmente poderase substituír mediante autorización ao concello de Mugardos para obter os devanditos datos vía telemática.*

- *No caso de persoas en situación de desemprego, tarxeta de demanda de emprego e certificado das prestacións por desemprego ou no seu defecto o certificado negativo das ditas prestacións emitido pola oficina do SEPE.*

- *Certificado de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, so no caso de persoas en idade laboral.*

- *Fotocopia do contrato de traballo e as tres últimas nóminas, dos que realicen unha actividade laboral.*

- *Certificado das prestacións e/ou pensións do ano en curso e importes que figuran no Rexistro de Prestacións Sociais Públicas da persoa solicitante e das persoas que integran a unidade familiar/convivencia.*

- *No caso de solicitar una axuda económica deberá achegar un xustificante no que figure a persoa solicitante como titular dunha conta bancaria co IBAN completo.*

- *Cando non se poidan xustificar documentalmente ingresos acreditaranse por declaración xurada so en situacións excepcionais.*

- *Calquera outra documentación que sexa requirida por parte dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Mugardos co fin de poder valorar a situación e determinar a idoneidade ou non da concesión da axuda solicitada.*

Artigo 9. Tramitación

A tramitación e resolución xeral das ditas axudas seguirá o seguinte procedemento:

A. *O procedemento iniciarase, como norma xeral, a solicitude da persoa interesada. Poderase iniciar de oficio polo equipo técnico do departamento de Servizos Sociais en caso de ser necesario.*

B. *A presentación da solicitude deberá efectuarse no rexistro do concello de Mugardos ou por calquera medio dos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Deberá empregarse para tal efecto o modelo normalizado dispoñible na páxina web do Concello,*





Concello de Mugardos
(A Coruña)

registro xeral e dependencias de Servizos Sociais; así como a documentación establecida neste regulamento.

C. O departamento de Servizos Sociais revisará a solicitude e a documentación presentadas. No suposto de que a documentación estivese incompleta ou sexa necesario achegar algunha documentación a maiores para poder valorar a solicitude, requiriráselle á persoa solicitante para a súa subsanación.

D. Elaboración dun informe proposta no que se recollan os datos básicos da persoa solicitante para a súa identificación, a valoración profesional e proposta de resolución.

E. Resolución ditada polo/a concelleiro/a competente nos termos do artigo 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que será motivada no caso de ser denegatoria. Na resolución quedarán reflectidos os seguintes extremos: Identificación da persoa beneficiaria, contía da axuda concedida, duración máxima da axuda

F. Notificación na forma e prazos establecidos nos artigos 40 a 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

G. O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto durante todo o ano.

TÍTULO PRIMEIRO: DAS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS

Artigo 10. Definición

Son prestacións de tipo económico, non periódicas, de carácter extraordinario e de pago único, con carácter finalista. Dirixidas a paliar situacións carenciais relacionadas ca cobertura de necesidades básicas de vivenda que non é posible resolver mediante a tramitación doutras axudas ou prestacións.

En relación a estas axudas económicas, enténdense por necesidades básicas:

a) As relacionadas ca vivenda (pago de aluguer ou hipoteca, dotación do equipamento ou mobiliario básico, débedas de subministracións...).

b) As de vestiario.

c) A procura dun aloxamento temporal.

d) Calquera outra situación que, a valoración do persoal técnico de Servizos Sociais, se considere que encaixa no obxecto destas axudas e se valore necesario para apoiar unha intervención social, realizada ca persoa ou unidade familiar beneficiaria.

Estas axudas son compatibles con calquera outra prestación, axuda ou pensión pública da que sexan titulares ou puidesen ser as persoas beneficiarias.

Artigo 11. Periodicidade e contía máxima

Con carácter xeral, so poderán concederse unha vez ao ano. Excepcionalmente e de forma extraordinaria poderase superar o importe máximo anual establecido e/ou conceder unha nova axuda desta modalidade, sempre e cando concorran circunstancias excepcionais a xuízo do persoal técnico de Servizos Sociais do concello de Mugardos. A dita excepcionalidade deberá quedar recollida no informe.

O importe máximo a conceder detállase na seguinte táboa:

AXUDAS	CONCEPTO	PERIODICIDADE	CONTÍA
---------------	-----------------	----------------------	---------------





Concello de Mugardos
(A Coruña)

ECONÓMICAS			MÁXIMA
	Pagos de aluguer	Máximo 2 mensuali-dades ó ano	750 €
	Equipamento mobiliario básico	Máximo 1 vez ó ano	1.000 €
	Pequenas reparacións	Máximo 1 vez ó ano	1.500 €
	Vestuario	Máximo 1 vez ó ano	500 €
	Outros	Máximo 1 vez ó ano	600€

Artigo 12. Formas de pagamento e xustificación

O pagamento das prestacións económicas realizarase preferentemente mediante transferencia bancaria.

A axuda deberá ser destinada á finalidade para a cal foi concedida e realizar un uso responsable desta. As persoas beneficiarias da prestación estarán obrigadas a xustificar documentalmente a correcta inversión da totalidade do importe concedido. Deberán presentar os recibos, facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado no prazo máximo de dous meses, a contar dende a percepción da prestación económica.

TÍTULO II: PRESTACIÓN FARMACEÚTICA

Artigo 13. Definición

A prestación farmacéutica consiste no pagamento, por parte do Concello de Mugardos, do importe que lle corresponde asumir á persoa solicitante ou algunha outra das persoas que integran a unidade familiar/convivencia, no custo das medicacións que precisa en tratamentos médicos.

Unicamente concederase esta prestación naqueles supostos nos que o custo das medicacións que se precisan non se poidan asumir por atoparse nunha precaria situación económica e non ter outro medio de obtelas gratuitamente.

Sempre que sexa posible proporcionaranse medicamentos xenéricos.

Así mesmo, estudaranse aquelas medicacións prescritas por facultativos do sistema público de saúde, que dentro do orzamento desta partida, supoñan un beneficio para a saúde da persoa solicitante.

A folla de medicación activa, así como os datos da receita ou os do informe médico de ser o caso, deberán corresponderse cos da/s persoa/s beneficiaria/s da prestación farmacéutica.

Non se inclúen na prestación farmacéutica as vacinas infantís, os produtos de beleza e estética, os complexos vitamínicos..., agás que as enfermidades e diagnósticos da persoa beneficiaria así o xustifiquen, tras valoración previa por parte do equipo técnico dos Servizos Sociais Comunitarios de Mugardos. A dita excepcionalidade deberá quedar recollida no informe.

No informe proposta de resolución da solicitude deberá figurar a persoa ou persoas da unidade familiar beneficiarias da prestación farmacéutica.

Artigo 14. Forma de pagamento





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Unha vez concedida a axuda, farase entrega á persoa beneficiaria dun vale que deberá entregar en calquera das farmacias do Concello de Mugardos.

Artigo 15. Duración

A duración da prestación farmacéutica será mentres persistan as causas de saúde e económicas, que deron lugar á concesión. Ambas revisaranse de oficio periodicamente por parte do equipo técnico dos Servizos Sociais Comunitarios de Mugardos, que determinará o momento oportuno dependendo de cada caso.

TÍTULO III: APOIO NA ALIMENTACIÓN E NA HIXIENE PERSOAL E DOMÉSTICA

Artigo 16. Definición

O apoio na alimentación e na hixiene persoal e doméstica é unha medida dirixida a contribuír na cobertura das necesidades básicas de alimentación e de produtos de hixiene persoal e de limpeza doméstica que hai nunha unidade familiar, cando existan especiais dificultades en garantilas pola súa precaria situación económica.

A persoa beneficiaria recibirá un importe determinado, en función da súa situación, que se recargará mensualmente a través dunha tarxeta solidaria.

Con carácter xeral, estas axudas son incompatibles con aquelas outras de similares características e co mesmo fin, ás que puidese ter acceso a persoa solicitante por parte doutras administracións.

Artigo 17. Protocolo de actuación das tarxetas solidarias

a) Identificadas as persoas solicitantes farase entrega das tarxetas solidarias a cada familia informando previamente por escrito todos os produtos que poden adquirir e cales non está permitido mercar.

b) Produtos que non está permitido adquirir (bebidas alcohólicas, alimento para mascotas, marisco, plantas...)

c) Contía a recibir na tarxeta segundo o número de membros na unidade familiar:

150€ familias de 1 membro

200€ familias de 2 membros

300€ familias de 3 membros ou máis

Artigo 18. Duración

Inicialmente, a concesión da axuda de apoio na alimentación e na hixiene será por un período máximo de tres (3) meses. Con carácter excepcional e de forma extraordinaria, poderase prorrogar por ata tres (3) meses máis como máximo. O número máximo de meses que poderá ser beneficiaria unha unidade familiar será de seis (6) meses nun ano natural.

Poderanse estender no tempo cando concorran circunstancias que, pola súa gravidade, se valore por parte dos servizos sociais comunitarios de Mugardos a necesidade de prorrogala máis aló desta limitación temporal. A dita excepcionalidade deberá quedar recollida no informe proposta.

Artigo 19.- Funcionamento da tarxetas solidarias





Concello de Mugardos
(A Coruña)

19.1 • *A tarxeta será persoal e intransferible, aínda que non constará de identificación externa algunha. Cada persoa usuaria deberá acudir a unha das tendas adscritas (anexo I) para activar a tarxeta a partir do prazo de 48 horas desde o comunicado de alta por parte do concello. Para iso deberá exhibir o seu DNI en caixa e nese momento producirase a activación da tarxeta e a vinculación co seu DNI, quedando a tarxeta asignada a esa persoa con carácter definitivo e non modificable. Non poderá realizarse a activación por outra persoa que non sexa o titular.*

19.2 • *Para a utilización da tarxeta en caixa a persoa beneficiaria deberá identificarse en todo caso mediante a exhibición do seu DNI e non se permitirá ningún uso por persoa que non sexa o titular da tarxeta. Así mesmo, non se permitirá o uso da tarxeta no caso de que o persoal da entidade detecte algún tipo de indicio de uso fraudulento, nese caso será comunicado ao concello de Mugardos para que realice as comprobacións ou actuacións oportunas. O documento de identificación válido será o DNI ou NIF estranxeiro, e para os casos en que a persoa beneficiaria non tivese expedido devandito documento, o pasaporte, sempre en vigor.*

19.3 • *As tarxetas serán automaticamente canceladas e causarán baixa no sistema nos seguintes casos:*

- *Se o saldo é 0, no prazo de seis meses desde que se esgotou o saldo.*
- *Se existe saldo, no prazo de dous anos desde que se produciu o último movemento.*

19.4 *A entidade colaboradora dispoñerá dos medios técnicos precisos (hardware, certificados dixitais etc.)/ etc.) para acceder á Sede electrónica Municipal (<https://mugardos.sedelectronica.gal>) e á Dirección Electrónica Habilitada Única ou DEHú (<https://dehu.redsara.es>) e a parametrizará convenientemente para recibir as notificacións e comunicacións electrónicas emitidas polo concello de Mugardos. Calquera cambio da dirección de correo electrónico asociada ao interesado deberá ser comunicada ao concello por escrito a través da Sede electrónica municipal (<https://mugardos.sedelectronica.gal>).*

Non caberá reactivar tarxetas que fosen canceladas, sendo necesaria, non seu caso, unha nova alta se a persoa beneficiaria volve ter dereito á mesma unha vez se produza dita cancelación.

19.4 *En caso de perda subtracción ou roubo dunha tarxeta, a persoa beneficiaria deberá obter do concello de Mugardos unha nova tarxeta sen activar, acudir e comunicalo nunha das tendas adscritas, en cuxo momento, na propia caixa, ao activar a nova tarxeta, cancelarase e darase de baixa a tarxeta subtraída.*

19.5 *Tanto a entidade colaboradora como o persoal encargado da execución dos traballos estarán obrigados a:*

19.5.1.- *Gardar secreto profesional sobre todas as informacións, documentos e asuntos aos que teña acceso ou coñecemento durante a vixencia do convenio.*

19.5.2.- *Non facer públicos ou ceder a terceiros cuantos datos coñezan como consecuencia ou con ocasión da súa execución, mesmo despois de finalizar o prazo de vixencia.*





Concello de Mugardos
(A Coruña)

19.5.3.- *Non utilizar os datos cedidos para fins alleos aos previstos nas presentes bases reguladoras.*

19.5.4.- *Destruír no prazo máximo dun mes desde a caducidade da tarxeta todos os datos cedidos.*

19.5.5.- *Cumprir en todo caso á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos.*

9.- *Calquera outras previstas nas bases que regulen o programa de repartición e prestación de produtos de primeira necesidade para persoas ou familias e na normativa sectorial.*

Disposición derogatoria

Coa entrada en vigor do presente Regulamento queda derogado o texto íntegro do Regulamento de de prestación económicas dos servizos sociais comunitarios do Concello de Mugardos, publicado no Boletín Oficial de Ia Provincia BOP núm.203 de 24 de outubro de 2013, así coma tódolos regulamentos municipais de axudas de emerxencia social anteriores.

Disposición final

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte ao da publicación do seu texto íntegro no BOP.”

Segundo.- Proceder á apertura dun prazo de información pública durante trinta días hábiles a computar a partir da publicación de anuncio compresivo do trámite no BOP de A Coruña, no taboleiro de anuncios do concello e no seu portal de transparencia así como no espazo de participación cidadá na elaboración normativa da páxina web do concello. No caso de que durante o indicado prazo non se presentase alegación ningunha, o texto provisionalmente aprobado elevarase automáticamente á categoría de definitivo, procedéndose a publicar o seu téxto íntegro no BOP de A Coruña.

O Regulamento así aprobado entrará en vigor unha vez realizada a devandita publicación e teña transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local. Momento a partir do cal estará dispoñible no apartado de Normativa en vigor do portal de transparencia do concello.”

Consta no expediente informe emitido pola intervención municipal en data 24.07.2024, no que, á vista da previsión establecida no artigo 17 c) en relación co 18, considera que se debería concretar dun xeito máis claro a periodicidade da contía a recibir na tarxeta segundo o número de membros na unidade familiar, é dicir si este importe a recibir é mensual ou si é para o período de 3 meses establecido no artigo 18, así como informe emitido pola traballadora social colexiada núm. 240 con data 24.07.2024, no que se aclara que as contías reflectidas na proposta de regulamento refirenze a cantidades mensuais.

Primeira quenda de intervencións





Concello de Mugarbos
(A Coruña)

Alcalde	Pon en coñecemento de que con posterioridade á celebración da sesión da Comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade celebrada en data 18.07.2024, e tal e como consta no expediente incorporado á sesión plenaria, emitíuse informe pola intervención municipal no que se indicaba que á vista da previsión establecida no artigo 17 c) en relación co 18, consideraba que se debería concretar dun xeito máis claro a periodicidade da contía a recibir na tarxeta segundo o número de membros na unidade familiar, é dicir si este importe a percibir era mensual ou si era para o período de 3 meses establecido no artigo 18, así como informe emitido pola traballadora social no que se aclaraba que as contías reflectidas na proposta de regulamento referíanse a cantidades mensuais; aclaración que indica que se incorpora ao texto do regulamento que se propón aprobar.
Portavoz PSdG-PSOE	Indica que o seu grupo pedira que se tramitase a creación dunha tarxeta moedeiro, entre outras cousas para así poder garantir a intimidade das persoas e que as axudas económicas se percibisen canto antes e non como estaba a pasar ata o de agora, que en moitos casos se estaban a percibir con retraso. Para rematar sinala que agora será tempo de facer un seguemento a este novo sistema para garantir que se leve a cabo correctamente.
Portavoz BNG	Indica que a aprobación do regulamento significa dar un paso cara adiante no funcionamento do Concello.
Alcalde	Agradece as aportacións realizadas por tódolos integrantes da comisión informativa de benestar social.

Rematadas as intervencións e sometido a votación ordinaria, coa modificación introducida no apartado c) do artigo 17, en base ás consideracións efectuadas pola intervención municipal en informe emitido en data 24.07.2024, obrante no expediente, e ao informe emitido pola traballadora social na citada data, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (4)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	A favor





Concello de Mugardos
(A Coruña)

En atención ao resultado acadado, de conformidade co establecido no art. 22 e 47.1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Prestar aprobación inicial ao regulamento de prestacións económicas de servizos sociais comunitarios do concello de Mugardos:

**“REGULAMENTO DAS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE MUGARDOS.
NOVEMBRO DE 2023**

Exposicións de motivos

O Departamento de Servizos Sociais do Concello de Mugardos leva anos regulando distintos recursos para facer fronte a situacións de desprotección que non son cubertas por ningunha outra administración pública.

O último regulamento de prestación económica dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Mugardos data do ano 2013. Despois de 10 anos, síntese a necesidade de elaborar un novo documento regulador que garanta, con maior fortaleza e axilidade, a capacidade de resposta desde a Administración local na cobertura das necesidades básicas dos seus veciños e veciñas.

Este documento ten a clara intención de achegar solucións áxiles e dignas aos problemas da veciñanza, mediante a satisfacción das súas necesidades máis básicas.

O presente Regulamento de prestacións dos servizos sociais comunitarios do Concello de Mugardos pretende dar unha resposta eficaz e integrada dentro do sistema galego de servizos sociais a situacións de risco e exclusión social e a promoción dunha auténtica cidadanía social a través da participación social, política, económica e cultural.

O Concello de Mugardos propón esta ordenanza asumindo as competencias que se establecen no marco legislativo xeral e no específico dos servizos sociais, que confiren aos concellos a potestade para aplicar e regular os recursos destinados a paliar situacións de vulnerabilidade ou exclusión social.

Así, no artigo 9.2 da Constitución española séntanse as bases dun novo modelo de estado social, no que os poderes públicos quedan compelidos a desenvolver accións positivas que creen as condicións necesarias para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local no seu artigo 25.2.k); a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no seu artigo 80 apartado k) e a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no artigo 60.1 a e b, atribúen aos concellos a creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos e específicos.

No Preámbulo da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia alude á igualdade de oportunidades no acceso ao benestar e á participación social como “unha vella aspiración do pobo galego e da humanidade enteira, expresada nas máis nobres loitas, movementos e utopías que mobilizaron a mulleres e homes de todas as épocas que nos precederon. O artigo 25 da Declaración universal dos dereitos humanos expresa de maneira sintética esta arela de dignidade cotiá na vida de todo ser humano, cando afirma que todas e todos terán dereito a «un nivel de vida digno que lles asegure, xunto coa súa familia, a saúde e o benestar, en especial a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e máis os servizos sociais necesarios»”.

Asemade, o Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais e comunitarios e o seu financiamento, contempla no seu artigo 9 como programa básico de servizos sociais o Programa de Inserción Social que “procure valorar, dar resposta ou derivar ao recurso idóneo as persoas en situación de risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas.” O artigo 23 b) especificamente di que os Servizos Sociais Comunitarios Básicos “participarán, de acordo coa normativa de aplicación, no procedemento de asignación de prestacións económicas de inclusión social, orientadas a satisfacer as necesidades pecuniarias básicas e a estimular a incorporación social e laboral”.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia, acorde co principio de responsabilidade pública, establece que se dispensará especial atención ás familias con dificultades derivadas da súa estrutura ou das súas circunstancias, e a aquelas que se encontran en situación de especial vulnerabilidade ou en risco de exclusión social, atribuíndo ao municipio as competencias na execución de programas e proxectos de atención ás familias, no marco da lexislación de réxime local e sectorial de servizos sociais.

A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, ten por obxecto establecer e regular un conxunto de medidas e recursos específicos para as persoas en situación ou risco de exclusión social, co fin de mellorar a cohesión e a inclusión social en Galicia. Nesta norma regúlanse, en concreto, as condicións de participación da cidadanía galega nos servizos e prestacións para a inclusión social e, de xeito específico, a natureza e o exercicio do dereito de percepción da renda de inclusión social de Galicia (RISGA) e das axudas de inclusión social (AIS), en tanto que prestacións económicas de carácter esencial dentro do Sistema galego de servizos sociais, segundo o establecido no





Concello de Mugardos
(A Coruña)

artigo 21 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. A aplicación desta norma está dirixida a aquelas persoas que acorde co Sistema Galego de Servizos Sociais sexan valoradas como persoas en situación ou risco de exclusión social, segundo os criterios establecidos no seu artigo 3.

Abundando nestes preceptos legais, o Real Decreto-Lei 20/2020, do 29 de maio, polo que se regula o Ingreso Mínimo Vital expón que España é un dos países da Unión Europea cunha distribución da renda entre fogares máis desigual e concibe o IMV como unha ferramenta para facilitar a transición dos individuos desde a exclusión social a unha situación de participación plena na sociedade. Desde este punto de vista, as medidas pola inclusión social contempladas nesta ordenanza poden contribuír ao logro dese obxectivo normalizador, e actuar de medidas facilitadoras cara á súa consecución.

Sinalar que todas estas medidas teñen a pretensión de ser unha primeira resposta áxil e eficaz a situacións carenciais na cobertura das necesidades básicas das persoas en situación de vulnerabilidade. Non obstante, non teñen sentido sen un sistema que garanta a cobertura das ditas necesidades desde os sistemas de protección da administración autonómica e estatal, que son as que teñen as competencias para garantir prestacións e axudas regulares ás persoas e ás familias ante a carencia de ingresos económicos.

Para a construción dese novo modelo de estado social é preciso deixar atrás a perspectiva asistencialista dos servizos sociais, para acadar un deseño moderno dos servizos sociais comunitarios como un instrumento de materialización efectiva de benestar social, de prevención da discriminación e da exclusión, e, en xeral, como medio de realización dos dereitos sociais básicos do pobo galego.

TÍTULO PREELIMINAR

CAPÍTULO I Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

O presente regulamento ten por obxecto determinar as características, natureza e tipoloxías das prestacións económicas dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Mugardos, así como establecer o procedemento de acceso as mesmas.

Artigo 2. Definición

Son prestacións económicas, destinadas a apoiar a persoas e familias con escasos recursos económicos que poidan verse afectadas por graves problemas de convivencia, situacións de emerxencia social e/ou encontrarse en situación de risco ou exclusión social.

As medidas contempladas neste regulamento, non teñen a consideración de subvencións de acordo coa lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, que no seu artigo 29 modifica o artigo 2.a da lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Artigo 3. Dotación orzamentaria

Avda. de Galicia, 45. Tfnos.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

O concello de Mugardos, dotará economicamente, a través do Orzamento anual, e sempre coa dispoñibilidade orzamentaria existente, o correspondente crédito, na partida orzamentaria a cargo da cal se imputaran as prestacións económicas, que se determinan neste regulamento.

Artigo 4. Finalidade e obxectivos

Estas prestacións teñen como finalidade previr procesos de exclusión social así como favorecer a inclusión das persoas. Os obxectivos son:

1. Responder a situacións ocasionadas por necesidades coxunturais, que non poden ser satisfeitas por falla de recursos económicos e que afectan a unidades familiares e de convivencia, desestabilizando o seu normal desenvolvemento.
2. Apoiar os procesos de intervención que os Servizos Sociais desenvolven con persoas en situación de exclusión social.
3. Ofrecer ferramentas que den resposta a situación de emerxencia.
4. A prevención, redución e/ou supresión de situacións de risco social para menores derivadas da carencia de recursos económicos.

Artigo 5. Persoas beneficiarias

As medidas recollidas neste regulamento están dirixidas a todas aquelas persoas e unidades familiares que se atopen nunha situación de precariedade económica que lles dificulte ou imposibilite a cobertura dalgunha das súas necesidades básicas.

Para os efectos desta ordenanza, considérase unidade familiar/convivencia:

O conxunto de persoas que viven habitualmente no mesmo domicilio, e que poden estar ligadas entre elas por lazos de parentesco, afinidade ou amizade. Como regra xeral, non poderán ser beneficiarias da mesma axuda dúas personas da mesma unidade familiar, así como unha mesma persoa non pode formar parte de dúas ou máis unidades familiares de forma simultánea.

Poderase valorar que nun domicilio conviven máis dunha unidade familiar e considerarse independentes, cando así esté xustificado na intervención por parte do equipo de profesionais dos servizos sociais comunitarios do concello de Mugardos.

Artigo 6. Tipoloxía das prestacións

As medidas de inclusión social do Concello de Mugardos son as seguintes:

- Prestacións económicas
- Prestación farmacéutica.
- Prestacións de apoio na alimentación e na hixiene persoal e doméstica.

Artigo 7. Requisitos xerais





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Para acceder a estas prestacións é necesario cumprir cos requisitos que se detallan a continuación:

1. Ter a maioría de idade ou estar emancipado/a legalmente.
2. Estar empadroad/a e residir no Concello de Mugardos, cunha antigüedad mínima de 6 meses, agás que a prescripción técnica valore a necesidade da axuda sin ter en conta o dito período.
3. Non estar pendente de xustificar documentalmente as prestacións concedidas con anterioridade.
4. Non ser propietario/a de cantidades económicas que se considere que poidan solventar a situación de necesidade manifestada.
5. Terán que solicitar as prestacións as que poidan ter dereito por outra administracións públicas.
6. Acreditar documentalmente a necesidade da prestación.
7. Os límites económicos da/s unidade familiar solicitante virá determinado segundo as variables que deseguido se especifican:

UNIDADE FAMILIAR	%IPREM A APLICAR
1 PERSOA ADULTA	1 iprem
2 PERSOA ADULTA	0,5 iprem por cada adulto
1 MENOR DE IDADE , E SUCESIVOS	0,3iprem por cada menor

Para o cálculo da situación económica teranse en conta os ingresos, pensión de calquera índole e/ou prestacións económicas (de alimentos, por fillo a cargo...) que perciba cada un dos membros da unidade familiar/de convivencia.

Artigo 8. Documentación a presentar

Con carácter xeral, a documentación a presentar, xunto coa solicitude, será a seguinte:

- Copia do DNI ou NIE ou pasaporte da persoa solicitante.
- Copia do DNI ou NIE ou pasaporte das persoas que integran a unidade familiar
- Copia do libro de familia, só no caso de menores integrantes da unidade familiar sen DNI.
- No caso de separación ou divorcio deberá presentar a documentación acreditativa da dita situación e da pensións alimenticias e compensatorias no seu caso
- Xustificantes dos gastos da vivenda: fotocopia do contrato de alugueiro, fotocopia dos recibos do alugueiro ou xustificante do préstamo hipotecario.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Xustificantes dos ingresos da unidade familiar/convivencia:

- Certificado expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria de Nivel de Renda do último exercicio fiscal dispoñible de cada un dos membros da unidade familiar/convivencia, ou no caso que non se estivese obrigado a presentar a declaración do IRPF segundo a normativa correspondente, certificado de imputacións de renda declarados por terceiros expedido pola mesma Axencia. Excepcionalmente poderase substituír mediante autorización ao concello de Mugardos para obter os devanditos datos vía telemática.
- No caso de persoas en situación de desemprego, tarxeta de demanda de emprego e certificado das prestacións por desemprego ou no seu defecto o certificado negativo das ditas prestacións emitido pola oficina do SEPE.
- Certificado de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, so no caso de persoas en idade laboral.
- Fotocopia do contrato de traballo e as tres últimas nóminas, dos que realicen unha actividade laboral.
- Certificado das prestacións e/ou pensións do ano en curso e importes que figuran no Rexistro de Prestacións Sociais Públicas da persoa solicitante e das persoas que integran a unidade familiar/convivencia.
- No caso de solicitar una axuda económica deberá achegar un xustificante no que figure a persoa solicitante como titular dunha conta bancaria co IBAN completo.
- Cando non se poidan xustificar documentalmente ingresos acreditaranse por declaración xurada so en situacións excepcionais.
- Calquera outra documentación que sexa requirida por parte dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Mugardos co fin de poder valorar a situación e determinar a idoneidade ou non da concesión da axuda solicitada.

Artigo 9. Tramitación

A tramitación e resolución xeral das ditas axudas seguirá o seguinte procedemento:

A. O procedemento iniciarase, como norma xeral, a solicitude da persoa interesada. Poderase iniciar de oficio polo equipo técnico do departamento de Servizos Sociais en caso de ser necesario.

B. A presentación da solicitude deberá efectuarse no rexistro do concello de Mugardos ou por calquera medio dos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Deberá empregarse para tal efecto o modelo normalizado dispoñible na páxina web do Concello, rexistro xeral e dependencias de Servizos Sociais; así como a documentación establecida neste regulamento.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

C. O departamento de Servizos Sociais revisará a solicitude e a documentación presentadas. No suposto de que a documentación estivese incompleta ou sexa necesario achegar algunha documentación a maiores para poder valorar a solicitude, requiriráselle á persoa solicitante para a súa subsanación.

D. Elaboración dun informe proposta no que se recollan os datos básicos da persoa solicitante para a súa identificación, a valoración profesional e proposta de resolución.

E. Resolución ditada polo/a concelleiro/a competente nos termos do artigo 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que será motivada no caso de ser denegatoria. Na resolución quedarán reflectidos os seguintes extremos: Identificación da persoa beneficiaria, contía da axuda concedida, duración máxima da axuda

F. Notificación na forma e prazos establecidos nos artigos 40 a 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

G. O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto durante todo o ano.

TÍTULO PRIMEIRO: DAS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS

Artigo 10. Definición

Son prestacións de tipo económico, non periódicas, de carácter extraordinario e de pago único, con carácter finalista. Dirixidas a paliar situacións carenciais relacionadas ca cobertura de necesidades básicas de vivenda que non é posible resolver mediante a tramitación doutras axudas ou prestacións.

En relación a estas axudas económicas, enténdense por necesidades básicas:

- a) As relacionadas ca vivenda (pago de aluguer ou hipoteca, dotación do equipamento ou mobiliario básico, débedas de subministracións...).
- b) As de vestiario.
- c) A procura dun aloxamento temporal.
- d) Calquera outra situación que, a valoración do persoal técnico de Servizos Sociais, se considere que encaixa no obxecto destas axudas e se valore necesario para apoiar unha intervención social, realizada ca persoa ou unidade familiar beneficiaria.

Estas axudas son compatibles con calquera outra prestación, axuda ou pensión pública da que sexan titulares ou puidesen ser as persoas beneficiarias.

Artigo 11. Periodicidade e contía máxima

Con carácter xeral, so poderán concederse unha vez ao ano. Excepcionalmente e de forma extraordinaria poderase superar o importe máximo anual establecido e/ou conceder unha nova axuda desta modalidade, sempre e cando concorran circunstancias excepcionais a





Concello de Mugardos
(A Coruña)

xuízo do persoal técnico de Servizos Sociais do concello de Mugardos. A dita excepcionalidade deberá quedar recollida no informe.

O importe máximo a conceder detállase na seguinte táboa:

	CONCEPTO	PERIODICIDADE	CONTÍA MÁXIMA
AXUDAS ECONÓMICAS	Pagos de aluguer	Máximo 2 mensuralidades ó ano	750 €
	Equipamento mobiliario básico	Máximo 1 vez ó ano	1.000 €
	Pequenas reparacións	Máximo 1 vez ó ano	1.500 €
	Vestuario	Máximo 1 vez ó ano	500 €
	Outros	Máximo 1 vez ó ano	600€

Artigo 12. Formas de pagamento e xustificación

O pagamento das prestacións económicas realizarase preferentemente mediante transferencia bancaria.

A axuda deberá ser destinada á finalidade para a cal foi concedida e realizar un uso responsable desta. As persoas beneficiarias da prestación estarán obrigadas a xustificar documentalmente a correcta inversión da totalidade do importe concedido. Deberán presentar os recibos, facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado no prazo máximo de dous meses, a contar dende a percepción da prestación económica.

TÍTULO II: PRESTACIÓN FARMACEÚTICA

Artigo 13. Definición

A prestación farmaceútica consiste no pagamento, por parte do Concello de Mugardos, do importe que lle corresponde asumir á persoa solicitante ou algunha outra das persoas que integran a unidade familiar/convivencia, no custo das medicacións que precisa en tratamentos médicos.

Unicamente concederáse esta prestación naqueles supostos nos que o custo das medicacións que se precisan non se poidan asumir por atoparse nunha precaria situación económica e non ter outro medio de obtelas gratuitamente.

Sempre que sexa posible proporcionaranse medicamentos xenéricos.

Así mesmo, estudaránse aquelas medicacións prescritas por facultativos do sistema público de saúde, que dentro do orzamento desta partida, supoñan un beneficio para a saúde da persoa solicitante.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

A follla de medicación activa, así como os datos da receita ou os do informe médico de ser o caso, deberán corresponderse cos da/s persoa/s beneficiaria/s da prestación farmacéutica.

Non se inclúen na prestación farmacéutica as vacinas infantís, os produtos de beleza e estética, os complexos vitamínicos..., agás que as enfermidades e diagnósticos da persoa beneficiaria así o xustificuen, tras valoración previa por parte do equipo técnico dos Servizos Sociais Comunitarios de Mugardos. A dita excepcionalidade deberá quedar recollida no informe.

No informe proposta de resolución da solicitude deberá figurar a persoa ou persoas da unidade familiar beneficiarias da prestación farmacéutica.

Artigo 14. Forma de pagamento

Unha vez concedida a axuda, farase entrega á persoa beneficiaria dun vale que deberá entregar en calquera das farmacias do Concello de Mugardos.

Artigo 15. Duración

A duración da prestación farmacéutica será mentres persistan as causas de saúde e económicas, que deron lugar á concesión. Ambas revisaranse de oficio periodicamente por parte do equipo técnico dos Servizos Sociais Comunitarios de Mugardos, que determinará o momento oportuno dependendo de cada caso.

TÍTULO III: APOIO NA ALIMENTACIÓN E NA HIXIENE PERSOAL E DOMÉSTICA

Artigo 16. Definición

O apoio na alimentación e na hixiene persoal e doméstica é unha medida dirixida a contribuír na cobertura das necesidades básicas de alimentación e de produtos de hixiene persoal e de limpeza doméstica que hai nunha unidade familiar, cando existan especiais dificultades en garantilas pola súa precaria situación económica.

A persoa beneficiaria recibirá un importe determinado, en función da súa situación, que se recargará mensualmente a través dunha tarxeta solidaria.

Con carácter xeral, estas axudas son incompatibles con aquelas outras de similares características e co mesmo fin, ás que puidese ter acceso a persoa solicitante por parte doutras administracións.

Artigo 17. Protocolo de actuación das tarxetas solidarias

a) Identificadas as persoas solicitantes farase entrega das tarxetas solidarias a cada familia informando previamente por escrito todos os produtos que poden adquirir e cales non está permitido mercar.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

b) Produtos que non está permitido adquirir (bebidas alcohólicas, alimento para mascotas, marisco, plantas...)

c) Contúa a recibir na tarxeta segundo o número de membros na unidade familiar:

150€/mensuais familias de 1 membro

200€/mensuais familias de 2 membros

300€/mensuais familias de 3 membros ou máis

Artigo 18. Duración

Inicialmente, a concesión da axuda de apoio na alimentación e na hixiene será por un período máximo de tres (3) meses. Con carácter excepcional e de forma extraordinaria, poderase prorrogar por ata tres (3) meses máis como máximo. O número máximo de meses que poderá ser beneficiaria unha unidade familiar será de seis (6) meses nun ano natural.

Poderanse estender no tempo cando concorran circunstancias que, pola súa gravidade, se valore por parte dos servizos sociais comunitarios de Mugardos a necesidade de prorrogala máis aló desta limitación temporal. A dita excepcionalidade deberá quedar recollida no informe proposta.

Artigo 19.- Funcionamento da tarxetas solidarias

19.1 • A tarxeta será persoal e intransferible, aínda que non constará de identificación externa algunha. Cada persoa usuaria deberá acudir a unha das tendas adscritas (anexo I) para activar a tarxeta a partir do prazo de 48 horas desde o comunicado de alta por parte do concello. Para iso deberá exhibir o seu DNI en caixa e nese momento producirase a activación da tarxeta e a vinculación co seu DNI, quedando a tarxeta asignada a esa persoa con carácter definitivo e non modificable. Non poderá realizarse a activación por outra persoa que non sexa o titular.

19.2 • Para a utilización da tarxeta en caixa a persoa beneficiaria deberá identificarse en todo caso mediante a exhibición do seu DNI e non se permitirá ningún uso por persoa que non sexa o titular da tarxeta. Así mesmo, non se permitirá o uso da tarxeta no caso de que o persoal da entidade detecte algún tipo de indicio de uso fraudulento, nese caso será comunicado ao concello de Mugardos para que realice as comprobacións ou actuacións oportunas. O documento de identificación válido será o DNI ou NIF estranxeiro, e para os casos en que a persoa beneficiaria non tivese expedido devandito documento, o pasaporte, sempre en vigor.

19.3 • As tarxetas serán automaticamente canceladas e causarán baixa no sistema nos seguintes casos:

- Se o saldo é 0, no prazo de seis meses desde que se esgotou o saldo.
- Se existe saldo, no prazo de dous anos desde que se produciu o último movemento.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

19.4 A entidade colaboradora dispoñerá dos medios técnicos precisos (hardware, certificados dixitais etc.)/ etc.) para acceder á Sede electrónica Municipal (<https://mugardos.sedelectronica.gal>) e á Dirección Electrónica Habilitada Única ou DEHú (<https://dehu.redsara.es>) e a parametrizará convenientemente para recibir as notificacións e comunicacións electrónicas emitidas polo concello de Mugardos. Calquera cambio da dirección de correo electrónico asociada ao interesado deberá ser comunicada ao concello por escrito a través da Sede electrónica municipal (<https://mugardos.sedelectronica.gal>).

Non caberá reactivar tarxetas que fosen canceladas, sendo necesaria, non seu caso, unha nova alta se a persoa beneficiaria volve ter dereito á mesma unha vez se produza dita cancelación.

19.4 En caso de perda subtracción ou roubo dunha tarxeta, a persoa beneficiaria deberá obter do concello de Mugardos unha nova tarxeta sen activar, acudir e comunicalo nunha das tendas adscritas, en cuxo momento, na propia caixa, ao activar a nova tarxeta, cancelarse e darase de baixa a tarxeta subtraída.

19.5 Tanto a entidade colaboradora como o persoal encargado da execución dos traballos estarán obrigados a:

19.5.1.- Gardar secreto profesional sobre todas as informacións, documentos e asuntos aos que teña acceso ou coñecemento durante a vixencia do convenio.

19.5.2.- Non facer públicos ou ceder a terceiros cuantos datos coñezan como consecuencia ou con ocasión da súa execución, mesmo despois de finalizar o prazo de vixencia.

19.5.3.- Non utilizar os datos cedidos para fins alleos aos previstos nas presentes bases reguladoras.

19.5.4.- Destruír no prazo máximo dun mes desde a caducidade da tarxeta todos os datos cedidos.

19.5.5.- Cumprir en todo caso á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos.

9.- Calquera outras previstas nas bases que regulen o programa de repartición e prestación de produtos de primeira necesidade para persoas ou familias e na normativa sectorial.

Disposición derogatoria

Coa entrada en vigor do presente Regulamento queda derogado o texto íntegro do Regulamento de de prestación económicas dos servizos sociais comunitarios do Concello de Mugardos, publicado no Boletín Oficial de Ia Provincia BOP núm.203 de 24 de outubro de 2013, así coma tódolos regulamentos municipais de axudas de emerxencia social anteriores.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Disposición final

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte ao da publicación do seu texto íntegro no BOP.”

Segundo.- Proceder á apertura dun prazo de información pública durante trinta días hábiles a computar a partir da publicación de anuncio comprensivo do trámite no BOP de A Coruña, no taboleiro de anuncios do concello e no seu portal de transparencia así como no espazo de participación cidadá na elaboración normativa da páxina web do concello. No caso de que durante o indicado prazo non se presentase alegación ningunha, o texto provisionalmente aprobado elevarase automaticamente á categoría de definitivo, procedéndose a publicar o seu texto íntegro no BOP de A Coruña.

O Regulamento así aprobado entrará en vigor unha vez realizada a devandita publicación e teña transcorrido o prazo previsto no artigo 65.º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local. Momento a partir do cal estará dispoñible no apartado de Normativa en vigor do portal de transparencia do concello.

4º.- SECRETARÍA.- INICIO ACTUACIÓNS EXPROPIACIÓN FORZOSA CON DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN “AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN O MONTE (SANTIAGO DE FRANZA)” POS +2024. Expediente elevado á consideración da Comisión Informativa de Urbanismo, Mobilidade, Rehabilitación e Réxime Interior en sesión ordinaria realizada con data 24.07.2024 emitíndose o seguinte ditame:

“2.- INICIO ACTUACIÓNS EXPROPIACIÓN FORZOSA CON DECLARACIÓN URXENTE OCUPACIÓN “AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN O MONTE (SANTIAGO DE FRANZA)” POS +2024.

Dáse conta dos antecedentes do expediente no que consta proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior de data 22.07.2024:

“...Con data 8 de febreiro de 2024, en sesión extraordinaria, o Pleno prestou aprobación ao proxecto “AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN O MONTE (SANTIAGO DE FRANZA)”, redactado polo enxeñeiro de caminos Colexiado nº 15305 Antonio J. Durán Maciñeira, en data abril 2023 e a súa inclusión no PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024.

Ditas actuación teñen como antecedente inmediato a “CONTRATACIÓN DA OBRA DE AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN O MONTE (SANTIAGO DE FRANZA), INCLUÍDAS NO POS ADICIONAL 1/2019” segundo





Concello de Mugardos
(A Coruña)

acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada con data 3 de outubro de 2019 prestando aprobación ao inicio de expediente de expropiación forzosa polo procedemento de urxente ocupación, en base ao previo acordo do Pleno de 12 de setembro de 2019.

Segundo se reflicte no proxecto (2.- ESTADO ACTUAL Y OBJETO DEL PROYECTO):
“Se mantiene el Estado Actual y Objeto del Proyecto expresado en el documento de marzo de 2019 que literalmente expresaba: En la actualidad el Concello de Mugardos dispone de una red de saneamiento de aguas fecales que abarca la práctica totalidad de la trama de suelo urbano de cada una de las parroquias que componen el municipio.

El Concello viene complementando a través de distintas intervenciones urbanísticas las redes de servicios fundamentales (saneamiento, abastecimiento, etc.), pero además, es preciso dotar a pequeños núcleos de población que carecen del indispensable servicio de saneamiento y enlazarlos con la red general de forma que sirvan además, para poder continuar la red, a otros núcleos, urgente necesidad consecuencia de la particularidad de la orografía y del estado de diseminación poblacional de esta tierra. Es por lo tanto imprescindible, acometer con urgencia la ejecución de una serie de ramales de saneamiento para evitar que las viviendas que se puedan conectar a la red municipal, sigan vertiendo a los ríos colindantes o depuren y viertan sus efluentes en los tradicionales pozos negros.

Dentro de esta línea de actuación se enmarca el presente documento que pretende se una primera aproximación a la descripción y valoración de las obras necesarias para dotar de este servicio a una zona concreta del municipio, las viviendas ubicadas en ambos márgenes de la carretera de la red provincial DP3504 (Pedreira a Maniños) entre los P.K. 1+800 y 2+140.

Debido a su situación geográfica en la periferia del casco urbano municipal y a su particular orografía, este grupo de viviendas permanece carente de la mencionada infraestructura, dándose el caso de que las viviendas situadas en el ruelle de O Monte (ubicado en un punto alto muy próximo a ellas sí cuentan con este servicio, con una recogida por gravedad que vierte hacia el pozo de bombeo situado en el extremo noroeste del lugar y desde este punto el efluente es impulsado al colector de gravedad existente en la recta de la carretera de la red autonómica AC-133 (Fene N-651 a Mugardos) en las proximidades del colegio Santiago Apóstol de Franza, concretamente en el P.K. 6+800 (margen derecha).

El vertido natural del terreno para estas viviendas por gravedad se da en sentido norestesuroeste por lo que una conexión directa al colector existente se presente imposible.

Ello lleva a considerar la ejecución de una red de gravedad con un doble colector (uno en cada margen) y pendientes similares a las de la carretera DP-3504, con cruce de la misma en el punto bajo existente en el P.K. 1+800. Aquí se plantea la ejecución de un equipo de bombeo capaz de impulsar el efluente recogido en el correspondiente pozo a través de una tubería de impulsión a ubicar en la margen izquierda de la carretera y vertido final a la red de gravedad existente en el Ruelle de O Monte.”

Para posibilitar a execución das actuacións é necesario a expropiación forzosa dunha superficie de 32 m² da parcela con referencia catastral NIC 15052A015003160000MP conforme ao Anejo nº 9 do proxecto técnico relativo ao “PARCELARIO Y DISPONIBILIDAD DE TERRENOS” na que se inclúe entre outra documentación a relación de parcelas afectadas e valoración do seu posible xusto prezo de acordo coa regras previstas para a súa determinación no Texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana aprobado por Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro e no Regulamento de valoración da Lei de Solo aprobado por Real Decreto 1492/2011, de 24 de outubro.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Constan así mesmo no expediente, informe xurídico de secretaría de 22 de xullo de 2024 e previos de agosto de 2021 e 2 de marzo de 2024.

En atención ao exposto, e o establecido nos artigos 52 da Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa; 3.4, 16, 17, 56, 60, 101 a 103 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957; 34 e seguintes do Texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana aprobado por Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, e Regulamento de valoracións da Lei de Solo aprobado por Real Decreto 1492/2011, de 24 de outubro, elevo á consideración do Pleno a seguinte **proposta de acordo**:

Primeiro.- De conformidade co acordo adoptado polo Pleno en sesión extraordinaria realizada con data 8 de febreiro de 2024 polo que se prestou aprobación á inclusión do proxecto “AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN O MONTE (SANTIAGO DE FRANZA)”, cun importe de 111.358,22 euros redactado polo enxeñeiro de caminos Colexiado nº 15305 Antonio J. Durán Maciñeira, de data abril 2023, solicitando a súa inclusión no PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024, reiterando a súa aprobación inicial, incluíndo no mesmo o Anexo de expropiacións, considerando que, de conformidade co disposto no artigo 94 do RDLex. 781/86, de 18 de abril, esta aprobación leva anexa a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos cuxa relación de parcelas afectadas se describe no proxecto e de forma individualizada en Anexo ao presente acordo en base ao mesmo, comprendidos a efectos da súa expropiación forzosa, e acordando tal expropiación, polo procedemento de urxencia regulado no artigo 52 da Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa, deixando sen efecto o previamente adoptado con data 12 de setembro de 2019.

Segundo.- Instar ao concelleiro delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior (Delegación RA nº 2023-0615, de 26 de xuño de 2024) a que leve a cabo o trámite de información pública da relación de bens afectados, xunto cos nomes dos propietarios ou dos seus representantes e abrir trámite de información pública, por prazo de quince días, mediante anuncios en o Boletín Oficial da Provincia, BOE, diario de maior difusión de ámbito provincial, na sede electrónica deste Concello na que se incluírá así mesmo plano parcelario de expropiación (<https://mugardos.sedelectronica.gal/info.0>) e no taboleiro de anuncios do mesmo, con notificación individual ás persoas propietarias interesadas identificadas e dar traslado ao Ministerio Fiscal respecto das persoas propietarias descoñecidas, a fin de que as persoas titulares de dereitos afectados pola expropiación poidan presentar cantos datos puidesen permitir a rectificación de erros padecidos na referida relación, ou oporse motivadamente á ocupación daqueles.

Terceiro. De producirse alegacións deberán ser resoltas polo Pleno, debendo aprobarse, en todo caso, definitivamente a relación de bens e dereitos, remitindo o expediente de referencia ao para que declare urxente a ocupación dos bens afectados pola expropiación.

ANEXO.- RELACIÓN DE TITULARES, BENS E DEREITOS AFECTADOS

Nº finca	Polígono termo	Número	Letra	Superficie Total (m2)	Superficie afectada	Titulares	Clasificación urbanística	Situación básica so
----------	----------------	--------	-------	-----------------------	---------------------	-----------	---------------------------	---------------------





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	municipal Mugardos				Pleno dominio			solo
1	15	316	MP	3.614	35 m2	Herdeiros/as de BRAGE GARCIA JESUS (25%) Herdeiros/as de BRAGE GARCIA JOSE MARIA (25%) BRAGE FERNANDEZ ROMAN (25%) Descoñecidas (25%)	Solo rústico	Rural

Polo **sr. Concelleiro Iván Martínez González**, advírtese da existencia dunha discrepancia na superficie afectada, constando 32 m2 na proposta e 35 m2 no Anexo. O **sr. Presidente**, manifesta que se trata dunha errata, sendo os metros correctos os 32 m2 que figuran na proposta.

Tendo en conta o anterior, sométese o asunto a votación, e en aplicación do voto ponderado, en votación ordinaria por unanimidade, a Comisión Informativa, acorda ditaminar favorablemente a adopción do acordo coa subsanación da errata padecida, sendo en consecuencia, a súa redacción a seguinte:

Primeiro.- De conformidade co acordo adoptado polo Pleno en sesión extraordinaria realizada con data 8 de febreiro de 2024 polo que se prestou aprobación á inclusión do proxecto “AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN O MONTE (SANTIAGO DE FRANZA)”, cun importe de 111.358,22 euros redactado polo enxeñeiro de caminos Colexiado nº 15305 Antonio J. Durán Maciñeira, de data abril 2023, solicitando a súa inclusión no PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024, reiterando a súa aprobación inicial, incluíndo no mesmo o Anexo de expropiacións, considerando que, de conformidade co disposto no artigo 94 do RDLex. 781/86, de 18 de abril, esta aprobación leva anexa a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos cuxa relación de parcelas afectadas se describe no proxecto e de forma individualizada en Anexo ao presente acordo en base ao mesmo, comprendidos a efectos da súa expropiación forzosa, e acordando tal expropiación, polo procedemento de urxencia regulado no artigo 52 da Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa, deixando sen efecto o previamente adoptado con data 12 de setembro de 2019.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Segundo.- Instar ao concelleiro delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior (Delegación RA nº 2023-0615, de 26 de xuño de 2024) a que leve a cabo o trámite de información pública da relación de bens afectados, xunto cos nomes dos propietarios ou dos seus representantes e abrir trámite de información pública, por prazo de quince días, mediante anuncios en o Boletín Oficial da Provincia, BOE, diario de maior difusión de ámbito provincial, na sede electrónica deste Concello na que se incluírá así mesmo plano parcelario de expropiación (<https://mugardos.sedelectronica.gal/info.0>) e no taboleiro de anuncios do mesmo, con notificación individual ás persoas propietarias interesadas identificadas e dar traslado ao Ministerio Fiscal respecto das persoas propietarias descoñecidas, a fin de que as persoas titulares de dereitos afectados pola expropiación poidan presentar cantos datos puidesen permitir a rectificación de erros padecidos na referida relación, ou oporse motivadamente á ocupación daqueles.

Terceiro. De producirse alegacións deberán ser resoltas polo Pleno, debendo aprobarse, en todo caso, definitivamente a relación de bens e dereitos, remitindo o expediente de referencia ao para que declare urxente a ocupación dos bens afectados pola expropiación.

ANEXO.- RELACIÓN DE TITULARES, BENS E DEREITOS AFECTADOS

Nº finca	Polígono termo municipal Mugardos	Número	Letra	Superficie Total (m2)	Superficie afectada	Titulares	Clasificación urbanística	Situación básica so solo
					Pleno dominio			
1	15	316	MP	3.614	32 m2	Herdeiros/as de BRAGE GARCIA JESUS (25%) Herdeiros/as de BRAGE GARCIA JOSE MARIA (25%) BRAGE FERNANDEZ ROMAN (25%) Descoñecidas (25%)	Solo rústico	Rural





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Primeira quenda de intervencións	
Portavoz PP	Di que o presente asunto foi levado a comisión e aprobado por unanimidade, e que na propia comisión se corrixiu o erro existente na superficie afectada pola expropiación.
Portavoz PSdG-PSOE	Sinala que se trata dunha obra incluída no POS e que fora aprobada no ano 2019, a cal é moi importante levar a cabo, e que espera que con esta expropiación por fin se poida realizar a mesma. E remata dicindo que espera que tamén saian adiante outras obras incluídas en diferentes POS e que están pendentes de execución.

Rematadas as intervencións e sometido a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (4)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	A favor

En atención ao resultado acadado, de conformidade co establecido no art. 22 e 47.1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- De conformidade co acordo adoptado polo Pleno en sesión extraordinaria realizada con data 8 de febreiro de 2024 polo que se prestou aprobación á inclusión do proxecto “AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN O MONTE (SANTIAGO DE FRANZA)”, cun importe de 111.358,22 euros redactado polo enxeñeiro de caminos colexiado nº 15305 Antonio J. Durán Maciñeira, de data abril 2023, solicitando a súa inclusión no PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024, reiterando a súa aprobación inicial, incluíndo no mesmo o Anexo de expropiacións, considerando que, de conformidade co disposto no artigo 94 do RDLex. 781/86, de 18 de abril, esta aprobación leva anexa a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos cuxa relación de parcelas afectadas se describe no proxecto e de forma individualizada en Anexo ao presente acordo en base ao mesmo, comprendidos a efectos da súa expropiación forzosa, e acordando tal expropiación, polo procedemento de urxencia regulado no artigo 52 da Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa, deixando sen efecto o previamente adoptado con data 12 de setembro de 2019.



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Segundo.- Instar ao concelleiro delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior (Delegación RA nº 2023-0615, de 26 de xuño de 2024) a que leve a cabo o trámite de información pública da relación de bens afectados, xunto cos nomes dos propietarios ou dos seus representantes e abrir trámite de información pública, por prazo de quince días, mediante anuncios en o Boletín Oficial da Provincia, BOE, diario de maior difusión de ámbito provincial, na sede electrónica deste Concello na que se incluírá así mesmo plano parcelario de expropiación (<https://mugardos.sedelectronica.gal/info.0>) e no taboleiro de anuncios do mesmo, con notificación individual ás persoas propietarias interesadas identificadas e dar traslado ao Ministerio Fiscal respecto das persoas propietarias descoñecidas, a fin de que as persoas titulares de dereitos afectados pola expropiación poidan presentar cantos datos puidesen permitir a rectificación de erros padecidos na referida relación, ou oporse motivadamente á ocupación daqueles.

Terceiro. De producirse alegacións deberán ser resoltas polo Pleno, debendo aprobarse, en todo caso, definitivamente a relación de bens e dereitos, remitindo o expediente de referencia ao para que declare urxente a ocupación dos bens afectados pola expropiación.

ANEXO.- RELACIÓN DE TITULARES, BENS E DEREITOS AFECTADOS

Nº finca	Polígono termo municipal Mugardos	Número	Letra	Superficie Total (m2)	Superficie afectada	Titulares	Clasificación urbanística	Situación básica so solo
					Pleno dominio			
1	15	316	MP	3.614	32 m2	Herdeiros/as de BRAGE GARCIA JESUS (25%) Herdeiros/as de BRAGE GARCIA JOSE MARIA (25%) BRAGE FERNANDEZ ROMAN (25%) Descoñecidas (25%)	Solo rústico	Rural





Concello de Mugardos
(A Coruña)

5º.- SECRETARÍA.- CALENDARIO LABORAL 2025

Inicia o exame deste punto da orde o día o Alcalde dando conta da proposta elevada á consideración da Xunta de Portavoces en sesión realizada con data 24 de xullo de 2024:

“Elévase á consideración da Xunta de Portavoces para que sexa incluída na orde do día de Pleno a seguinte proposta de acordo:

“... ”

Visto o escrito remitido pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración – Xefatura Territorial da Coruña (R.E. 2024-E-RC-3417/17.07.2024), no que solicita a remisión de proposta na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e nonrecuperable deste termo municipal, para o próximo ano 2025.

Propónse á Xunta de Voceiros a adopción do seguinte acordo, que deberá ser elevado ao Plenoda Corporación para a súa aprobación:

Primeiro.- *Propoñer como festas locais para o ano 2025 os seguintes:*

7 de xaneiro de 2025.

10 de xuño de 2025, Voto de Chanteiro.

Segundo.- *Propoñer como suplente o seguinte:*

19 de marzo de 2025.

Terceiro.- *Dar conta do acordo que así se adopte á Consellería Emprego, Comercio e Emigración - Xefatura Territorial da Coruña.”*

A Xunta de Portavoces toma coñecemento do expediente para a súa elevación a Pleno, contando co seu parecer favorable.”

Non formulándose debate ningún, sométese a votación ordinaria co seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (4)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	A favor





Concello de Mugar dos
(A Coruña)

En atención ao mesmo, ao abeiro das competencias que lle confire o artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime local o Pleno adoptou o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Propoñer como festas locais para o ano 2025 os seguintes:
7 de xaneiro de 2025.
10 de xuño de 2025, Voto de Chanteiro.

Segundo.- Propoñer como suplente o seguinte:
19 de marzo de 2025.

Terceiro.- Dar conta do acordo que así se adopte á Consellería Emprego, Comercio e Emigración - Xefatura Territorial da Coruña.

6.- SECRETARÍA.- EXPEDIENTE 848/2023.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 2024-0872 DE DATA 24.07.2024, SOBRE PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024. APROBACIÓN PROXECTO CORRIXIDO. Elévase á consideración do Pleno, previa toma en coñecemento pola Comisión Informativa de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs, en sesión ordinaria realizada con data 18.07.2024, da proposta formulada pola Alcaldía en data 12.07.2024, obrante no expediente, para a súa ratificación se así procede, a Resolución de Alcaldía núm. 2024-0872 de data 24.07.2024, que de seguido se transcribe:

“Asunto: PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024. APROBACIÓN PROXECTO CORRIXIDO

O Pleno da Corporación en sesión realizada o día 08 de febreiro 2024, acordou participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases foron aprobadas polo Pleno da deputación na sesión realizada o 24 de novembro do 2023 (publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 227, do 28 de novembro do 2023) e posteriormente modificadas mediante acordo plenario de 22 de decembro do 2023 para corrixir a Base 12.4 do POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios (publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 245, do 27 de decembro do 2023).

Con posterioridade a Deputación Provincial da Coruña practica sucesivos requirimentos para emenda de deficiencias técnicas e de achega de documentación complementaria que tras ser atendidos polo concello tras a presentación polas persoas redactoras do





Concello de Mugardos
(A Coruña)

proxecto de nova documentación técnica ("Proxecto de mellora de camiños do Concello de Mugardos: Camiño da Estación", número rexistro de entrada 2024-E-RE-1471, de 13.06.2024), dan lugar á emisión de informe favorable de supervisión de proxecto de data 21.06.2024.

Consta no expediente informe técnico municipal emitido con data 14.06.2024 no que da conta, entre outros extremos, da súa aptitude urbanística.

Para tal efecto, con data 12.07.2024 se asina proposta que é elevada para o seu coñecemento pola Comisión Informativa de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICS en sesión ordinaria realizada con data 18.07.2024.

Polo que en atención ao exposto, visto que as persoas redactoras do proxecto presentaron, nova documentación técnica emendando as deficiencias observadas, dando cumprimento ao requerimento efectuado pola Deputación Provincial da Coruña, pola presente ao abeiro da habilitación conferida mediante acordo adoptado polo Pleno con data 08.02.2024 e do indicado no artigo 21.1º.k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, por medio da presente **RESOLVO**:

1º.- Prestar aprobación, ao proxecto: "Mellora da envolvente térmica na Casa da Cultura de Mugardos", polo importe de 143.593,47 euros, IVE incluído, redactado pola arquitecta Dna. Carolina Martínez Vila e asinado dixitalmente en data 18.06.2024, e que figura incluído na achega provincial 2024 do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+ 2024.

2º.- Queda, en consecuencia, sen efecto a aprobación do proxecto, efectuada pola resolución da alcaldía núm. 2024-0535 de data 06.05.2024.

3º.- Dar conta da presente resolución ao Pleno na próxima sesión que se celebre para a súa ratificación."

Primeira quenda de intervencións	
Jorge Manuel Kuntz Peiteado, do Grupo Municipal PP	Indica que o presente asunto foi tratado na comisión informativa de obras e que se trata dunha mera corrección dos erros técnicos existentes no proxecto.

Rematadas as intervencións e sometido a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(4)	(3)	(3)	(2)





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Sentido do voto	A favor	Abstención	Abstención	A favor

En atención ao resultado acadado, de conformidade co establecido no art. 22 e 47.1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Prestar aprobación á ratificación da Resolución de Alcaldía núm. 2024-0872 de data 24.07.2024, nos seus propios termos.

7º.- SECRETARIA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A CREACIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DE SAÚDE E BENESTAR SOCIAL. Escrito de moción presentado polo Grupo Municipal do BNG, número rexistro de entrada 2024-E-1850, de data 19.07.2024, e que responde ao seguinte texto:

“MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO AO CONCELLO-PLENO:

Evaristo Deus Deus, Verónica Fernández Varela e Javier Cartelle Cudilleiro, concelleiras/os do grupo municipal do BNG na corporación do Concello de Mugardos, propoñen:

A CREACIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DE SAÚDE E BENESTAR SOCIAL

ANTECEDENTES:

- O 9 de novembro de 2020, co núm. de rexistro de entrada 4501, a Asociación Orballo do Concello de Mugardos presentou un escrito no que solicita a creación do Consello Local de Saúde. Órgano consultivo e de participación da cidadanía para entre os seus fins:*
 - ▷ propor melloras para a saúde da poboación*
 - ▷ propor melloras na carteira de servizos de saúde*
 - ▷ informar á cidadanía dos recursos existentes en materia de saúde*
- Despois de darse conta do antedito escrito na Comisión informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá, o presidente da comisión pediu un informe xurídico á Secretaría do Concello sobre a viabilidade e axuste á lei da creación do Consello Local de Saúde.*





Concello de Mugardos
(A Coruña)

3. *No pleno celebrado o día 24.02.2021, o concelleiro do BNG Argemino Varela Filgueiras fixo a pregunta ao goberno municipal sobre qué actuacións estaba a desenvolver para a creación do Consello Local de Saúde e a resposta de José Miguel Mahía Prados (portavoz do PP) foi " se está avaliando, co asesoramento do secretario da corporación, como constituír o Consello e que temas se poderían abordar no mesmo [...] é moi difícil desenrolar o actual Regulamento de Participación Cidadá [...]".*
4. *O 5 de agosto de 2021, emitíuse o informe xurídico cos seguintes contidos:*
 - ▷ *relatorio das competencias municipais e das administracións de nivel superior que afectan á cidadanía recollidas na: Lei de bases de réxime local, Lei da administración local de Galicia, Lei de saúde de Galicia (que fai especial referencia á órganos de participación social e as competencias en materia de saúde da administración local - artigo 80), e o Regulamento de participación cidadá do Concello de Mugardos.*
 - ▷ *conclusiones, onde se ratifica que atendendo ás competencias propias e de participación en instancias superiores (nivel autonómico e estatal) en materia de salubridade e saúde, o Concello-pleno pode crear o Consello Local de Saúde previo informe da Comisión informativa correspondente.*
5. *Na Comisión informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá, celebrada o día 2 de setembro de 2021, deuse conta do antedito informe.*
6. *No pleno celebrado o día 26.01.2022, o concelleiro do BNG Argemino Varela Filgueiras fixo a pregunta ao goberno municipal sobre se xa tiñan claro como crear o Consello Local de Saúde e si se tiña xa unha proposta de regulamento e a resposta de José Miguel Mahía Prados (portavoz do PP) foi "o secretario xa ten delegada esa tarefa e que é un expediente que vai a ser longo porque primeiro hay que aprobar polo Pleno a constitución do Consello e hai que elaborar un regulamento, pero que coa incorporación do novo técnico de contratación a secretaría vai a estar algo máis folgada e os funcionarios terán máis facilidade para facer este traballo".*
7. *O 5 de xuño de 2024, co núm. de rexistro de entrada 2024-E-RE-1381, a Asociación Orballo do Concello de Mugardos presentou un escrito no que reiterou a súa solicitude de creación do Consello Local de Saúde.*





Concello de Mugarodos
(A Coruña)

8. *En manifestacións do goberno municipal do pasado mes de xuño de 2024, din que non teñen intención de abordar este tema por considerarlo inadecuado.*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O artigo 9.2 da Constitución Española di: "Correspóndelles ós poderes públicos promoveren as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e mais dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; removeren os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitaren a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social".

O artigo 4.1 do Regulamento de participación cidadá do Concello de Mugarodos di: "Todos/as os/as veciños/as de Mugarodos teñen dereito a participar na xestión municipal directamente, de forma individual ou colectiva, a través das asociacións ou calqueira outra entidade cidadana (como plataformas ou coordinadoras)".

Para o BNG, a creación dun Consello Municipal de Saúde e Benestar Social, ademáis de responder ás demandas da veciñanza, como a que se manifestou polos representantes da Asociación Orballo, constitúe unha forma directa de participación na xestión e planificación das necesidades e servizos que precisamos e que melloran a nosa calidade de vida.

*Constitúe un **espazo de participación, consulta e de opinión para mellorar** a xestión directa de servizos ou artellar as demandas a outras administracións nos servizos que prestan no noso concello.*

Temas como os seguintes son obxecto de melloras e debate neste consello:

- ▷ xestión e atención sanitaria en Mugarodos.*
- ▷ programas municipais de promoción da saúde e vida saudable (actividades e información).*
- ▷ información para a saúde e a convivencia.*
- ▷ protección da salubridade pública, control sanitario, vixianza e control da contaminación ambiental, industrial e comercial*
- ▷ control sanitario de edificios, espazos públicos e servizos públicos.*
- ▷ avaliación dos servizos no ámbito da saúde e benestar social.*
- ▷ ...*





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Como consecuencia do anteriormente exposto, presentamos ao Concello-pleno as seguintes

PROPOSTAS DE ACORDO:

- 1. Que na vindeira Comisión informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade a celebrar o vindeiro día 1 de agosto de 2024 (ou na primeira do correspondente mes de agosto), inclúase como punto da orde do día, a tratar na parte resolutiva, a creación do Consello Municipal de Saúde e Benestar Social.*
- 2. Que no caso de que na antedita comisión sexa aprobada a proposta, inclúase na sesión do Pleno ordinario do mes de agosto de 2024, aprobación da creación do Consello Municipal de Saúde e Benestar Social.”*

Escrito de moción que foi elevado á sesión da Xunta de Portavoces correspondente ao 24.07.2024:

“Dáse conta da presentación no RexistroXeral do concello dos seguintes escritos de moción ata o día da convocatoria (número rexistro de entrada 2024-E-1850, 22.07.2024):

4.1.- CREACIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DE SAÚDE E BENESTAR SOCIAL

Escrito de moción do que se eleva á consideración do Pleno os seguintes pronunciamentos:

“...

- 1. Que na vindeira Comisión informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade a celebrar o vindeiro día 1 de agosto de 2024 (ou na primeira do correspondente mes de agosto), inclúase como punto da orde do día, a tratar na parte resolutiva, a creación do Consello Municipal de Saúde e Benestar Social.*
- 2. Que no caso de que na antedita comisión sexa aprobada a proposta, inclúase na sesión do Pleno ordinario do mes de agosto de 2024, aprobación da creación do Consello Municipal de Saúde e Benestar Social.”*

Primeira quenda de intervencións	
Portavoz BNG	Da lectura ao texto da moción, indicando que non a lera íntegramente posto que o texto íntegro xa se reflectirá na





Concello de Mugarbos
(A Coruña)

	acta da presente sesión.
Portavoz EU	Di que na comisión informativa celebrada o día 6 de xuño de 2024 xa plantexou este tema, pero que naquela comisión a súa postura non fora secundada nin polo BNG nin polo PSdG-PSOE, e que na citada comisión o presidente dixéralle que a pesar de que era unha idea moi bonita non era práctica. De seguido di que espera que agora a moción sexa secundada, que sexa práctica a creación do consello e que se sirva para mellorar a vida da poboación.
Portavoz PSdG-PSOE	Indica que o seu grupo secundará a moción e que espera que o consello saia adiante porque moitas veces pasa que as mocións aprobadas polo Pleno despois non se xestionan e non se levan a efecto os acordos adoptados.
Alcalde	Lembra que o Regulamento de Participación Cidadá fai anos que se aprobou, e que no mesmo se recollía a creación deste órgano, pero que ata o de agora ninguén se preocupara por isto. De seguido di que non se trata de que as mocións non se cumpran senón de que ás mocións ás veces corresponde cumprilas e outras veces non. De seguido di que no presente caso entende que hai xa moitos órganos creados no Concello de Mugarbos e que ademais non hai ningún impedimento para que as persoas poidan participar neste Concello, e que estes regulamentos que son copiados de concellos de gran poboación son de difícil aplicación en concellos de pouca. A continuación indica que estes temas de saúde xa se abordan co Sergas e que ademais dende o Concello sempre se intentan facer as xestións que sexan precisas para tratar de dar unha solución a toda aquela persoa que transmite alguna problemática sobre estes temas. Para rematar di que é complicado abarcar nun concello tan pequeno este temas sectoriais e que ademais as competencias dos concellos son as que marca a lei.

Segunda quenda de intervencións	
Portavoz EU	Di que eles non falan só do Sergas xa que neste consello poderían tratarse moitas outras cuestións e demandas da poboación máis vulnerable, tales como, por exemplo salubridade e infravivenda. E remata dicindo que esta é





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	unha proposta para mellorar a situación da poboación de Mugardos.
Portavoz PP	Indica que no seu momento se pedirá o informe pertinente, informe no que se indicaba que a única competencia do concello era en materia de salubridade, e que si se crea este consello só para tratar temas de salubridade sería como matar moscas a canonazos. Para rematar sinala que a creación deste consello suporía unha maior carga de traballo para o persoal do concello e precisaría dos correspondentes informes favorables dos técnicos municipais.
Portavoz BNG	Di que a moción presentada é unha moción en positivo, e reconece que Esquerda Unida preguntou en diversas ocasións por este tema, ao igual que o BNG. Para rematar di que non se trata simplemente de celebrar reunións e levantar actas, senón que coa creación deste consello se dotaría ao concello dunha ferramenta para dar resposta ás demandas da cidadanía.

Rematadas as intervencións e sometida a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (4)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	En contra	A favor	A favor	A favor

En atención ao resultado da votación o Pleno, ao abeiro do indicado no artigo 25.1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, prestou aprobación ao texto da moción adoptando o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Que na vindeira Comisión informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade a celebrar o vindeiro día 1 de agosto de 2024 (ou na primeira do correspondente mes de agosto), inclúase como punto da orde do día, a tratar na parte resolutiva, a creación do Consello Municipal de Saúde e Benestar Social.

Segundo.- Que no caso de que na antedita comisión sexa aprobada a proposta, inclúase na sesión do Pleno ordinario do mes de agosto de 2024, aprobación da creación do Consello Municipal de Saúde e Benestar Social.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

8º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN URXENTES.

Non se formulan.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

9º.- SEC

Consta no expediente da convocatoria dilixencia de secretaría, estendida en data 24 de xullo de 2024, que de seguido se transcribe:

“EXPEDIENTE 870/2022. MODIFICACIÓN PARCIAL REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL AS LAGOAS. Pendente de visado polo Servizo de Inspección de Familia e Menores da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia, téndose recibido, con data 31.10.2023, requirimento de corrección das normas de funcionamento da escola infantil municipal, téndose emitido informe pola psicóloga municipal en data 16.01.2024, sobre a adaptación do regulamento de réxime interior ás Normas de funcionamento da Escola Infantil Municipal, e informe xurídico pola secretaria da corporación en data 09.02.2024, e téndose elevado o expediente á comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade na sesión celebrada en data 15.02.2024 para a toma en consideración das normas de funcionamento da EIM As Lagoas visadas pola Xunta de Galicia; téndose recibido, con data 15.04.2024, novo requirimento de corrección das normas de funcionamento da escola infantil municipal.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A PROPOSTA DE IMPULSO SOBRE AS OBRAS DE MELLORA DO PARQUE BEIRAMAR, NO SEIXO. Uniuse certificación do acordo ao expediente, ordeándose mediante Providencia do concelleiro delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior o inicio dos trámites necesarios para formalización dun novo convenio ou negocio xurídico máis adecuado que así se sinala en informe para poder dar continuidade ao uso público en condicións de seguridade xurídica de data 20.09.2023, téndose emitido informes pola secretaria municipal en datas 28.09.2023 e 16.01.2024. Así mesmo pola Sociedade Amigos da Paisaxe Galega tense presentado escrito de alegacións ao contrato de préstamo de uso entre a Sociedade e o Concello, téndose emitido novo informe pola secretaria municipal en data 06.03.2024, e téndose requirido á Asociación a aportación ao expediente de documentación xustificativa e ao redactor do proxecto da obra incluída no POS+ adicional 2/2021 a emisión de informe onde se reflecta á vida útil das obras contempladas no proxecto.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE SOBRE MODIFICACIÓN DO USO DA ESCOLA UNITARIA DE O SEIXO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DESTINADOS Á ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES. Uniuse certificación do acordo ao expediente, ordeándose mediante Providencia de Alcaldía a continuación da tramitación para solicitar a efectiva desafectación da EEI así como a emisión de informe da traballadora social e arquitecta municipal para os efectos de verificar a aptitude urbanística do posible destino a un uso asistencial público para persoas maiores.

EXPEDIENTE 197/2023.- SOLICITUDE DE AXUDA PERTE PROXECTOS DE MELLORA DA EFICIENCIA DO CICLO URBANO (PERTE DIXITALIZACIÓN DO CICLO DA AUGA), NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILENCIA. 2ª CONVOCATORIA AGOSTO 2023 (BOE Nº 183 DE 2 DE AGOSTO DE 2023). Pola dirección Xeral da Auga do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico tense requerido a aclaración sobre diversos aspectos da solicitude presentada que non supoñan a reformulación nin mellora desta, téndose confeccionado polo Concello de Mugardos documentación aclaratoria das cuestións que a este concello lle atinxen.

EXPEDIENTE 848/2023. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024. Polo Pleno da Deputación Provincial de A Coruña, na sesión ordinaria realizada o 31 de maio de 2024, prestaouse aprobación ao PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024, considerándose definitivamente aprobado logo de que transcorrido o prazo de 10 días de exposición e información pública non se tivese presentado reclamación nin alegación ningunha, estando condicionadas as obras incluídas no POS+ 2024 ao cumprimento das condicións que se indican na circular remitida pola Deputación Provincial.

EXPEDIENTE 848/2023. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 2/2024.- Polo Pleno da Deputación Provincial de A Coruña, na sesión ordinaria realizada o 31 de maio de 2024, prestaouse aprobación ao PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024, considerándose definitivamente aprobado logo de que transcorrido o prazo de 10 días de exposición e información pública non se tivese presentado reclamación nin alegación ningunha, estando condicionadas as obras incluídas no POS+ ADICIONAL 2/2024 ao cumprimento das condicións que se indican na circular remitida pola Deputación Provincial.





Concello de Mugarbos
(A Coruña)

EXPEDIENTE 2506/2023. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 1/2024 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS”. Polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data 31 de maio de 2024, acordou a “Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) para o financiamento do POS+ Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024”.

EXPEDIENTE 742/2024. MC 04/2024, DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente, abríndose un prazo de exposición ao público tras a inserción de anuncio no BOP nº 92 de 13 de maio de 2024, téndose así mesmo publicado anuncio no taboleiro de edictos do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica, e sen que no prazo de presentación de alegacións se teña presentado alegación algunha, constando informe da funcionaria encargada do rexistro xeral e certificación de secretaría comprensivos de tal extremo, téndose publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 120, de data 21.06.2024, anuncio de aprobación definitiva.

EXPEDIENTE 746/2024. MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS MC 05/2024, DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente, abríndose un prazo de exposición ao público tras a inserción de anuncio no BOP nº 92 de 13 de maio de 2024, téndose así mesmo publicado anuncio no taboleiro de edictos do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica, e sen que no prazo de presentación de alegacións se teña presentado alegación algunha, constando informe da funcionaria encargada do rexistro xeral e certificación de secretaría comprensivos de tal extremo, téndose publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 120, de data 21.06.2024, anuncio de aprobación definitiva.

EXPEDIENTE 743/2024. APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL N.º 30, REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DA FESTA GASTRONÓMICA DO POLBO. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente, abríndose un prazo de exposición ao público tras a inserción de anuncio no BOP nº 87 de 6 de maio de 2024; téndose así mesmo publicado anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no Portal de Transparencia do Concello, e sen que no prazo de presentación de alegacións se teña presentado alegación algunha, constando informe da funcionaria encargada do rexistro xeral e certificación de secretaría comprensivos de tal extremo, téndose publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 126, de data 02.07.2024, anuncio de aprobación definitiva.





Concello de Mugarbos
(A Coruña)

EXPEDIENTE 1214/2024.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2024. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE O FINANCIAMENTO DA XUNTA DE GALICIA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE RECUPERACIÓN DO RANGO DAS POLÍTICAS DE IGUALDADE NO GOBERNO GALEGO. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente.

EXPEDIENTE 2742/2022. XUSTIFICACIÓN DO 50% INICIAL DE ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA AO CONCELLO DE MUGARDOS PARA A FINANCIACIÓN DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES) ANUALIDADE 2023. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente, téndose presentado dita certificación ante a Deputación Provincial da Coruña.”

10.- SECRETARÍA.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DENDE O DERRADEIRO PLENO ORDINARIO QUE COMPRENDE AS NUMERADAS ENTRE O 2024-0746 AO 2024-0870.

O Pleno dá por realizado o trámite.

C) ROGOS E PREGUNTAS

11.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS	
Portavoz EU	Que se leven á comisión correspondente as denuncias de patrimonio en relación co Castelo da Palma. Que se dote do material necesario á oficina de turismo. Que se leven á comisión correspondente as contas de explotación da piscina.
Alcalde	Di que os requirimentos de patrimonio levaranse á comisión correspondente, que





Concello de Mugar dos
(A Coruña)

	<p>no tema das contas de explotación hai unha empresa contratada que está a confeccionar as mesmas e no que atinxe ao material da oficina de turismo indica que se dotou á mesma de folletos en galego e castelán.</p>
Portavoz PSdG-PSOE	<p>Que se regularice a situación na que se atopa o pagamento das facturas da auga.</p> <p>Que se tramiten os convenios pendentes coas asociacións, tanto os correspondentes ao ano pasado como os do presente ano.</p> <p>Que se melloren as condicións nas que prestan os seus servizos as persoas da oficina de turismo, posto que non dispoñen de baño nin de wifi.</p> <p>Que se traía a Pleno a liquidación do ano 2023.</p> <p>Que se leve á comisión correspondente o expediente 985/2024, relativo ao padrón de terrazas, para poder ter coñecemento de como se atopa o mesmo e si este se cobrou, posto que se descoñece como se xestiona.</p>
Portavoz PP	<p>Indica que a liquidación do ano 2023 non se levou a pleno como punto independente pero que a mesma ía no lote de resolucións que se incorporaron no expediente da sesión plenaria do mes pasado.</p>
Marta Ruiz del Ganso, do Grupo Municipal do PSdG-PSOE	<p>Que se leve á comisión correspondente información sobre o estado dos procedementos xudiciais abertos coa empresa que xestiona o Complexo Acuático do Castro.</p>
Portavoz BNG	<p>Que se publique o calendario fiscal, tal e como xa tiña solicitado o seu grupo.</p>





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	Que se leve á comisión correspondente a memoria do edificio destinado a almacén de embarcacións do Clube do Mar.
Portavoz PP	Indica que o tema do almacén para embarcacións xa foi levado á comisión de urbanismo.
PREGUNTAS	
Alcalde	Di que polo voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE presentáronse preguntas fóra do prazo establecido no regulamento orgánico de funcionamento municipal e que polo tanto non poden ser contestadas as mesmas.
Portavoz PSdG-PSOE	Indica que aínda que as preguntas as presentou novamente estas son as mesmas que xa foran presentadas para a sesión plenaria do mes pasado.
Alcalde	Di que as preguntas xa foran presentadas fóra de prazo na sesión plenaria do mes pasado, e que polo tanto non se trataran na mesma, e que agora as volve a presentar fóra do prazo establecido, polo que tampouco poden ser contestadas na presente sesión.

Non habendo máis asuntos que tratar o Alcalde levantou a sesión sendo as nove horas e corenta e dous minutos, estendéndose a presente acta da que como secretario accidental dou fe.

Visto e praxe

O Presidente

Juan Domingo de Deus Fonticoba

O secretario Accidental

Diego Seijo Alonso

